

En relación coa Convocatoria de matrícula anticipada nos estudos de Programas de Doutoramento para o estudantado con estudos de países alleos ao EEES para o curso 2026/2027, con data 28 de novembro de 2025 aprobouse polo Consello de Goberno a proposta de prazas para os programas de doutoramento ofertados pola Universidade de Santiago de Compostela no curso 2026/2027.

Á vista da oferta aprobada e, por corrección de erros para axustar a oferta ao acordo adoptado pola Comisión Académica do Programa de Doutoramento, cómpre modificar o anexo da convocatoria no que se establece a oferta de prazas para o curso 2026/2027 nos programas de doutoramento para estudantes con estudos de países alleos ao EEES.

Polo exposto **ESTA REITORÍA RESOLVE:**

ÚNICO.- Modificar o Anexo da Resolución reitoral pola que se publica a Convocatoria de matrícula anticipada en estudos de doutoramento oficial para estudantado con titulacións de acceso de sistemas educativos alleos ao espazo europeo de educación superior para o curso 2026-2027, engadindo ao anexo as seguintes prazas:

PD. en Desenvolvemento Rexional e Integración Económica -----2 prazas

A Reitora,

Rosa M. Crujeiras Casais

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

TABOLEIRO ELECTRÓNICO

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ROSA MARIA CRUJEIRAS CASAIS,
REITORA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 19/04/2026 23:26:07.

CSV: 580A-1003-40CF-B887